

16-03-2017

Amar o propio e respectar o alleo é unha das regras básicas desta xente que, como din eles, toman a troula moi en serio, de aí que estean moi integrados na música vasca

### A Casa da Troula do barrio de Rekalde

RAÚL RÍO DÍAZ



En Euskal Herria case todas as Casas de Galiza e Centros Galegos teñen o seu correspondente grupo de gaitas, pero, aínda así, o noso instrumento nacional tira moito e por iso se formaron tamén outros grupos en moitos lugares da emigración euscadiana a marxe deses Centros. Así xurdiu o grupo *Agarimos*, fundado xa fai moitos anos por Xosé Losada (Pepiño), no barrio galego de Masustegi e alí foi onde aprendeu a tocar a gaita Roberto López Álvarez, quen despois foi o maior impulsor do nacemento da Casa da Troula no barrio bilbaíno de Rekalde.

A Casa, así con maiúscula, foi fundada o nove de setembro de 2009 polo xa nomeado Roberto, cando deixou de tocar na *Corxa Airiños Galegos* da Casa de Galiza de Santurtzi, e polos gaiteiros Xesús Espiño e Xosé Cancela. Despois foi medrando e uníronse os tamén gaiteiros: Lucasio Martínez, Mónica Vaqueiro e Pablo Vázquez; o acordeonista Amable Cea, as pandereteiras Marisa Panpín e María Camoira, o trikitrilari e aprendiz de gaitero Iñaki López; a albocalari e pandereteira María Engracia Mielo, a cunqueira Lidia

Rodríguez, Helena Mosteiro e outros mais que están aprendendo a tocar diferentes instrumentos, como Aimar, Xosé Antonio e Sesar. Incluso tiveron un madrileño que aprendeu a tocar en Madrid, pero veu con un grupo, enamorouse dunha rapaza e agora está no Centro Galego de Laudio; porque o noso instrumento nacional namora a quen a escoita e a quen o toca, pero as veces tamén fai de Celestina e xungue corazóns.

Amar o propio e respectar o alleo é unha das regras básicas desta xente que, como din eles, toman a troula moi en serio, de aí que estean moi integrados na música vasca, que conten con músicos que tocan instrumentos vascos como a [trikitixa](#) e a [alboka](#), e que se atreven a interpretar un [aurreku](#), unha marcha fúnebre, ou o [Agur Jaunak](#) coa gaita.



Xa dicía Manuel María que o Cantábrico era un mar xunguidor e non un balado ruín e arredador e Roberto asegura que sempre houbo mistura das dúas músicas, pois os mariñeiros teñen algunhas cancións que son comúns en toda a costa cantábrica e aquí tamén se tocou a *Gaita de Bota*, coñecida tamén pola "Cornamusa das Landas", á que o investigador e txistulari Juan Mari Beltrán chamaba *Xirolarrua*, que fai moito tempo que se deixou de utilizar en Euskal Herria e so queda algunha na Rioxa. Os da Troula aman a súa cultura pero respectan a dos demais, porque saben que a grandeza do mundo está na diversidade e non na uniformidade e que, como dicía

Gabriel Aresti, "estas manifestacións da cultura que están na mesma base son as que teñen maior importancia". Este mundo é un concerto de millóns de cousas pequenas, por iso pretenden establecer territorios musicais mais alá das fronteiras e das divisións políticas, fortalecendo as relacións entre as músicas dos dous pobos. A súa idea é tender pontes entre as dúas orelas creando espazos onde poidan convivir as dúas en harmonía.

A *alma máter* do grupo, e a que propicia ese acercamento entre as dúas culturas debido aos seus coñecementos musicais, é Mónica Vaqueiro Barreiro, unha rapaza nacida en Rekalde, de nai galega e pai de Tras os Montes, que empezou a tocar aos 11 anos noutro grupo de Bilbao, no que primeiro bailaba danzas tradicionais, pero ao ver que todos os seus compañeiros se apuntaban para aprender a tocar a gaita ela tamén se apuntou. Despois chamouna Roberto para que lle axudara a dar clases aos moitos alumnos que tiñan daquela e xa se quedou para sempre con eles. Poucos grupos de Gaitas de Euskal Herria teñen a sorte de ter entre os seus membros xente cos coñecementos musicais desta gaiteira; que dirixe os ensaios, fai os arranxos e adapta para a gaita as pezas de música vasca.

Teñen participado en varias edicións da Foliada de Melide e nunha ocasión quedaron segundos nos cantos de taberna, pero A Casa da Troula non é so un grupo de gaitas e canto, senón que teñen unha escola de música na que ensinan desinteresadamente varios instrumentos, tanto a rapaces como a xente maior, e tamén fai as funcións de asociación cultural, pois organizan actos culturais como o Día das Letras Galegas, os magostos, os entroidos e outros actos populares, participando na Feira anual de Exposicións de Rekalde, coa exposición de instrumentos, etnografía, traxe galego, e fotografías dos actos levados a cabo durante o ano, sacadas pola fotógrafa do grupo, Helena Mosteiro. O Día da Patria celébrano en Rekalde uns días antes porque o 25 teñen que ir a Ondarroa, xa que a Casa de Galiza dese pobo pesqueiro non dispón de grupo.

Ao non pertencer a Centros ou Casas de Galiza teñen mais liberdade para actuar en todo tipo de eventos, incluso para organizacións políticas que non están "ben vistas" polo réxime e que, por mor das subvencións e "para non meterse en política", lles están prohibidas nos estatutos aos grupos que si pertencen aos Centros. Os da Casa da Troula son eles os que toman as decisións e por iso non tiveron inconveniente en actuar para *Gure Esku Dago* no estadio de San Mamés, o 8 de xuño de 2014, como colofón á cadea humana polo dereito a decidir que uniu Durango con Iruña, acto no que tamén interviu Kepa Junkera, e onde fixeron unha interpretación especial da canción *Txoria txori* do gran amigo de Manuel María, o cantante Mikel Laboa; e no *ekitaldi*, ou concentración, do 12 de outono do ano pasado, organizado en Sestao pola rede Independentistak.

A maior parte dos grupos que pertencen aos Centros contan con un local gratuíto onde poder ensaiar, sen embargo eles téñeno que pagar do seu peto, ou facer como *Os Recunchos das Pontes*, que tocan para o Centro Galego de Barakaldo, pero ao non ser o grupo oficial, e como no Centro hai outras actividades, non poden ensaiar todos os días e teñen que facelo debaixo dunha ponte da autovía, no *Conservatorio a ceo aberto*, como lle chaman eles. Os da Troula empezaron a ensaiar no garaxe de Xesús Espiño, pero ao pouco tempo tiveron que cambiarse, por mor do ruído, ao colexio Gabriel Aresti de Rekalde, que foi cando chegaron a ser, cos aprendices, uns trinta membros; despois estiveron noutro local, porque o colexio so podían utilizalo un día á semana e gora teñen alugado un antigo taller de carpintería que teñen perfectamente adaptado as súas necesidades e no que poden ensaiar todos os días.

-----  
-----

*Nota da Fundación Bautista Álvarez, editora do dixital Terra e Tempo: As valoracións e opinións contidas nos artigos das nosas colaboradoras e dos nosos colaboradores -cuxo traballo desinteresado sempre agradeceremos- son da súa persoal e intransferíbel responsabilidade. A Fundación e mais a Unión do Povo Galego maniféstanse libremente en*

*por elas mesmas cando o consideran oportuno. Librementemente, tamén, os colaboradores e colaboradoras de Terra e Tempo son, por tanto, portavoces de si propios e de máis ninguén.*